

Ermida de Nosa Señora da Portela

060016

Datos de Localización

Capela

Nomenclator:	3207801
Coord. UTM:	X: 61378469 Y: 466437576
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	BRESMAUS
Lugar:	Portela da Quinta, A
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Capelas
Subtipo:	Capela



Denominación:	Ermida de Nosa Señora da Portela
Etaqa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Edificio de planta rectangular, dunha soa nave de dous tramos, con presbiterio destacado en planta e en altura e cuberta de tella francesa. O corpo do presbiterio, obra do s. XVIII e levantado con perpiaño sobre zócolo, presenta vans abucinados nas fachadas laterais e cuberta a catro augas con pináculos nas esquinas. A nave érguese con muros de cachotería, combinados na fachada principal e na Sur cunha sinxela reixa de madeira. Cubrindo estas dúas fachadas dispónse un pórtico sobre cinco columnas, presentando nunha das frontais unha Virxe tallada e nas laterais capiteis románicos reaproveitados. Un dos perpiaños da fachada principal ten inscrita a data de 1686, aínda que é difícil distinguir se estamos ante un elemento orixinal ou reaproveitado.

No libro de visitas da parroquia de Cortegada, aparece como unha das capelas da feligresía (Libro 45-7-6, folio 49 volto)

Segundo se recolle nun artigo de La Región de 1984, nesta ermida "consérvase un brazo relicario de madeira tamén barroco con reliquia que se dí de San Fortunato". En visita pastoral á parroquia de Cortegada en 1789, dise que na Ermida de Santa María de Portela da Quinta "[. . .] en la que ay una reliquia insigne, brazo de San Fortunato martyr".

BIBLIOGRAFÍA:

- JUANA de, J. , *A Alta Limia. (A Terra que medrou vencellada a unha lagoa)* . Ir Indo, Vigo, 1993, p.103.
- FERNÁNDEZ OTERO, J. C., *Apuntes para el inventario del mobiliaio litúrgico de la diocesis de Orense.* Fundación Barrié de la Maza. Pontevedra, 1983, p. 255

DOCUMENTACIÓN:

- "El Delegado de Cultura visitó cuatro capillas en San Juan de Cortegada" en La Región, Xoves 4 de Outubro de 1984.

Características Construtivas

Plantas:	Baixa
-----------------	-------

Edif. Anexas:**Mat. Fachada:** Granito e madeira**Mat. Estrutura:** Granito e madeira**Mat. Cuberta:** Tella**Elementos singulare****Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:****Protección****Tipo de ben:** Sen rexistrar**Proposta de tipo de ben:** Inventariado**Estado de Tramitación:****Nivel de Protección Arq.:** Sen protección**Proposta Nivel de Protección Arq.** Integral**Grao de Protección Arq.:** ----**Proposta Grao de Protección Arq.** ----**Xustificación da Protección:****Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Bo**Uso Actual:** Relixioso**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:****Data:****Descrición:****Proxecto:****Axentes:****Observacións:** Sería conveniente retirar o contador e o pau eléctricos e colocar unha farola acorde ás características do ben.

Bens Mobles

Nome	Subtipo	Localizacion
Sartego da Ermida de Nosa Señora da Portela	Sarcófago	No pórtico da Ermida de Nosa Señora da Por









